

BLOQUE ESPECÍFICO CURSO DE TÉCNICOS DEPORTIVOS EN SURF (2009). CONVOCATORIA

A Federación Galega de Surf convoca o **Bloque Específico do Curso de Técnico Deportivo en Surf** no seu primeiro nivel, a cal acredita que o titular posúe as competencias precisas para iniciar ao surf os deportistas e dirixir a súa participación en competicións, garantindo a súa seguridade. O curso adaptase a lexislación deportiva vixente:

- *REAL DECRETO 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.* («BOE» 268, do 8-11-2007.)

OBXETIVOS

Esta titulación capacita o técnico para:

- Iniciar a execución técnica e táctica dos deportistas.
- Correxir os erros de execución dos deportistas.
- Dirixir ou acompañar a deportistas durante a práctica deportiva e a competicións de nivel básico
- Promover e participar na organización das actividades de surf, bodyboard e longboard.
- Garantir a seguridade e se fose preciso aplicar os primeiros auxilios.
- Avaliar a progresión da aprendizaxe dos deportistas.
- Preparar e supervisar o material técnico e didáctico.
- Coñecer as saídas profesionais desta titulación.
- Coñecer e respetar o medio onde se desenvolve esta práctica.
- Posuír coñecementos básicos de meteoroloxía, mareas e formación de ondas.

ESTRUCTURA

O Bloque específico do curso de Técnico Deportivo en Surf no nivel 1 constará das seguintes fases:

• PROBAS DE ACCESO.

Os aspirantes para poder participar no curso terán que superar as seguintes probas:

1ª)Proba: Remada. 2ª) Proba: Coller unha onda en táboa de surf (de pe) e bodyboard.

Exentos das probas de acceso:

- Deportistas que teñan o título de monitor iniciador.
- Deportistas competidores do Circuito Galego de surf, bodyboard ou longboard, ou con extensa experiencia deportiva contrastable.

• BLOQUE ESPECÍFICO.

Cun total de 75 horas.

CONTIDO

TÉCNICO DEPORTIVO EN SURF	Horas totais
Bloque Específico	75 h.
▪ Área de formación técnica e táctica (Surf, Bodyboard e Longboard)	15 h
▪ Regulamentos de surf	20 h
▪ Área de adestramento e didáctica do surf	10 h
▪ Área de seguridade e hixiene no surf	5 h
▪ Área de primeiros auxilios	10 h
▪ Área de ecoloxía e medio ambiente	10 h
▪ Desenvolvemento profesional	5 h

• AVALIACIÓN

Os alumnos terán que contestar uns cuestionarios de avaliación sobre a materia entregada e as clases recibidas. Os cuestionarios de avaliación terán que entregarse antes do 30 de abril.

• PERIODO DE PRÁCTICAS

Os técnicos que superen a avaliación, terán que facer un período de prácticas de 150 horas, nunha das escolas oficiais da Escola Galega de Surf, baixo a supervisión dun técnico titulado que certificará as súas prácticas.

REQUISITOS DE INSCRIPCIÓN

- Idade mínima 16 anos (os menores de idade precisan permiso paterno).
- Título de Graduado en Educación Secundaria ou proba de madurez complementaria aprobada.
- Licencia Deportiva da Federación Galega de Surf do ano en curso.
- Superar as probas de acceso ou ter exención delas.
- Numero de alumnos: mínimo 10 e máximo 30.

DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

Os lugares de realización do curso variarán entre Vigo, Santiago ou A Coruña.

- Probas de acceso 27 de Febreiro. (Praia de Patos – Nigrán).
- Publicación de admitidos(Federación Galega de Surf)
- Bloque específico..... Do 6 de Marzo ao 26 de Abril.
- Avaliación Ata o 31 de Maio. (na Federación Galega de Surf).
- Período de prácticas Ano 2009.

PREZO DO CURSO

Probas de acceso: Gratuítas.

Inscripción ao bloque específico, inclúe documentación do curso: 300€

Desconto do 40% a rapazas.

Alumnos coa titulación de Monitores-Iniciadores en surf ou xuíces da Federación Galega de Surf: 240 €

INSCRIPCIÓN

Inscripción curso: Ata o 25 de febreiro do 2009 inclusive

Condições de pago.

Mediante ingreso ou transferencia bancaria a nome da Federación Galega de Surf na conta de CaixaGalicia número:

2091-0567-74-3040003179

Sinalando CURSO DE TÉCNICO SURF e o nome a apelidos do alumno.

Co impreso de inscrición deberá xuntar:

- Fotocopia do ingreso bancario.
- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia da titulación académica.
- Certificado medico oficial.

Non se admitirán matriculas nas que falte algún dos documento relacionados.

A documentación deberase entregar ou enviar a Federación Galega de Surf.

O alumno deberá ter táboa de surf ou bodyboard e traxe de neopreno para realizar a proba de acceso e o curso.

Ficha de Inscripción
Bloque Específico: Curso Técnico Deportivo en Surf nivel I

Nome: Apellidos:
Enderezo:
Localidade: C.P.: Provincia:
Teléfono: Móvil:
E-mail:
D.N.I.: Data nacemento: Nº Licenza Federado:
Clube: Exento proba de acceso: SI NO

Ingreso da Matricula: A nome da Federación Galega de Surf , CaixaGalicia nº 2091-0567-74-3040003179

Entregar na FGS: Ficha de Inscripción, xustificante de pagamento e fotocopia do D.N.I.

Federación Galega de Surf
C/ Luis Ksado 17 – Ofic. 17 36209 - VIGO Tlf. 986 239095 - Fax: 986 299376 E-mail: info@fgsurf.com www.fgsurf.com



federación galega de surf

C/ Fotógrafo Luís Ksado 17 – Ofic. 17 36209
VIGO

Tlf 986 239095 Fax 986 299378
Email info@fgsurf.com Web www.fgsurf.com

CURSO DE TÉCNICO DEPORTIVO EN SURF

Xaneiro e Febreiro 2009



c/Fotógrafo Luis ksado nº17-oficina 17
CP 36209 Vigo

Tlf.986239095 Fax.986299378

Email: info@fgsurf.com Web: www.fgsurf.com